



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE FESTEXOS

SOLICITANTE E REPRESENTACIÓN

Persoa física: Nome Primeiro apelido Segundo apelido DNI NIE Pasaporte

Actuando en nome propio

En representación de

Cargo

Datos da Entidade

Nome N° de Rexistro Municipal de Entidades Asociativas CIF

Enderezo a efectos de notificacións:

Lugar, rúa... Número Bloque Portal Piso Porta C. Postal

Poboación

Municipio

Provincia

Outros medios de contacto

Teléfono fixo Teléfono móbil Enderezo de correo electrónico

Notificación

Postal

Telemática

DATOS DA ACTIVIDADE

Pública

Privada

Datas da actividade: Nome da celebración ou motivo:

Emprazamento/ref. catastral: Parroquia:

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES, INSTALACIÓNS, HORARIOS...

Día (1): Horario: Ampliación de horario:

Solic. corte de rúas, pistas: Itinerario alternativo: Horas de corte:

Día (2): Horario: Ampliación de horario:

Solic. corte de rúas, pistas: Itinerario alternativo: Horas de corte:

Día (3): Horario: Ampliación de horario:

Solic. corte de rúas, pistas: Itinerario alternativo: Horas de corte:

Instalacións suxeitas a declaración responsable:

Solicitan: Grupo electróxico Si Non

* *Debes cumprir o establecido na orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos na Comunidade Autónoma de Galicia, e que estipula en relación a verbenas e festas populares o horario de peche pola semana ás 3:30 horas e os fines de semana e festivos ás 4:00 horas.*

* *Si se solicita ampliación de horario, esta solicitude debe ser motivada e presentada 15 días antes da celebración da festa.*

* *Si se solicita corte de rúas, pistas... deberán presentar un esbozo sinalando as alternativas suxeridas ou previstas.*

* *As solicitudes para realización de cacharelas serán presentadas no rexistro deste concello ou a través da sede electrónica antes das **12:00 horas do día 22 de xuño.***

Nota: as vías de acceso á festa deben garantir o paso libre de vehículos de emerxencia, debe ter un ancho mínimo de vía de 4 metros. Os aparcadoiros deben ter pasos diferentes para peóns e para vehículos

A actividade levarase a cabo en espazos:

- Aberto ao aire libre e cunha asistencia prevista SUPERIOR a 20.000 persoas
- Aberto ao aire libre e cunha asistencia prevista INFERIOR a 20.000 persoas
- Pechados cun aforo previsto SUPERIOR a 2.000 persoas
- Pechados cun aforo previsto INFERIOR a 2.000 persoas
- Pechados cun aforo previsto SUPERIOR a 2.200 persoas
- Pechados cun aforo previsto INFERIOR a 2.500 persoas

Cálculo de aforo: Habitantes da parroquia Aforo ano anterior Aforo previsto

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA:

- Plano de situación (sixpac, oficina virtual do catastro,...)
- Esbozo do lugar de celebración da festa no que se sinala a ubicación das distintas instalacións
- Compromiso de contratación ou póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e o recibo de pagamento vixente no momento da celebración do festexo e seguro de accidentes coas coberturas legais esixibles, segundo a normativa vixente e que incluírán, polo menos, a público, organizadores e traballadores contratados
- Boletín eléctrico da instalación (asinado por técnico competente)
- Xustificante de pago ou compromiso de abono do Canon á Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE)
- Declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente ao escenario móbil ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade (asinado por técnico competente)
- Certificado técnico e de montaxe e seguridade das instalacións temporais como carpas, toldos e escenarios
- Plan de autoprotección no caso de superar os límites de aforo previstos (20.000 persoas)
- Esbozo das rúas a cortar sinalando as alternativas suxeridas ou previstas
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable

Aviso legal:

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en. correo@boqueixon.es.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para xestionar a solicitude da presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude da instancia referida.

4.-destinatarios de cesións: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos negociados do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG's...) colaboradoras do CONCELLO DE BOQUEIXÓN directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios de cada negociado.

- Concellos distintos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local.

- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.

- Órganos xurisdiccionáis, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza.

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@boqueixon.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade..

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es - Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid - Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 176.-

Medidas de seguridade: CONCELLO DE BOQUEIXÓN ten implantadas as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos seus datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, a perda e o tratamento e/ou o acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos provenientes da acción humana ou do medio físico e natural a que están expostas.

O abaixo asinante declara:

- Ser certos os datos aportados e orixinais ou copia dos mesmos da documentación que se achega, e que se compromete a cumprir coas especificación anteriormente descritas para dar cumprimento así Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento da competitividade de Galicia, así como o establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou calquera que lle sexa de aplicación contando para elo coa documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o tempo inherente do exercicio.
- Do mesmo xeito comprométese a cumprir con outras autorizacións e requisitos que sexan necesarios tales como a realización de pagos á Sociedade Xeral de Autores, alta na Seguridade Social e estar ao corrente de pago do persoal participante na actividade, formación no seu caso, en manipulación de alimentos nos postos que así o requiran, lexislación sobre bebidas alcohólica, cumprimento de horarios, prevención de riscos laborais ou calquera outro requisito ou normativa sectorial se requira.
- Comprométese a que por parte das diferentes instalacións descritas nesta declaración se presente en prazo e forma e a documentación requirida para a súa instalación e funcionamento e a que se este feito non fose levado a cabo a non realización de ditas instalacións.
- O solicitante comprométese en todo momento a adoptar as medidas hixiénico-sanitarias recomendadas para facer fronte á COVID-19 (distancia seguridade, máscara...)
- Así mesmo doume por enterado de que a non presentación da documentación completa no prazo de 15 días antes da celebración do evento supón a ineficacia desta declaración responsable.

DATA E SINATURA

Boqueixón, ____ de _____ de _____

O solicitante ou representante legal

Asdo:

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Para festas gastronómicas

- A confección de alimentos efectuarase sempre en instalacións e infraestruturas axeitadas para tal fin, e nunca directamente sobre o terreo.
- A elaboración de alimentos non debe realizarse antes da saída do sol e debe rematarse dúas horas antes da súa posta.
- Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción das infraestruturas utilizadas.
- Que a zona de elaboración dos alimentos permaneza vixiada polos solicitantes ata o total remate do cocinado. Unha vez rematada a elaboración dos alimentos as infraestruturas utilizadas deberán permanecer totalmente apagadas, asegurándose de que non queden brasas, empapando os restos con auga en caso necesario.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e propagación de faiscas, a elaboración de alimentos deberá suspenderse e as infraestruturas utilizadas apagarse de inmediato.

NO CASO DE PROBLEMAS CHAMAR AO 085 OU 112

Para lanzamento de fogos de artificio

- O lanzamento será realizado pola empresa pirotécnica ou unha única persoa autorizada polo solicitante.
- O lanzamento farase nun lugar inaccesible para o público, limpo de maleza ou de calquera outro material inflamable e situado a mais de 400 metros de distancia dun terreo forestal. Deberá terse en conta a dirección e velocidade do vento á hora de fixar o punto de lanzamento co fin de minimizar o risco para os terreos forestais.
- A empresa comprobará o índice de risco diario e no caso de que sexa extremo, non estará autorizado para o lanzamento.
- No lugar disporase dun sistema de extinción de incendios.
- O lugar deixarase limpo de restos de instalación e de materiais producidos no lanzamento.
- O solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que se ocasionen.
- Para saber cada día o IRDI, consulten o seguinte enlace de internet: http://mediorural.xunta.es/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/

NO CASO DE PROBLEMAS CHAMAR AO 085 OU 112

Para fogueiras de San Xoán:

- A fogueira estará a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas verdes vexetais susceptibles de ser queimadas, así como, de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- A súa dimensión non superará os 5 metros de altura e os 3 de diámetro.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral, calquera substancia que ó arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botará ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda cando estean baleiros
- Cando se faga fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados deberá protexerse o pavimento cunha capa de area de 10 cm en toda a superficie da fogueira.
- Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- A fogueira permanecerá vixiada polos responsables da organización ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- O solicitante será sempre responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ó remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematada a cacharela e/ou sardiñada.

NO CASO DE PROBLEMAS CHAMAR AO 085 OU 112

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR

- Cubra os datos da persoa física ou xurídica que formula a solicitude e do seu representante se procede, achegando en tal caso o correspondente documento de representación.
- Indicar a relación de documentos que se achegan xunto coa solicitude.
- No caso de achegar documentación ou formular alegacións ou recursos, non se esqueza de indicar o código do expediente relacionado.
- A solicitude debe ser asinada polo interesado solicitante ou o seu representante, se procede.

E PRECISO NO CASO DUN FESTEXO POPULAR

Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta declaración responsable dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.